

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	MORAÑA
Edificio	Santuario dos Milagros de Amil
Dirección	Lugar A Chan, 27. 36669
	42.541011 -8.584476
Protección	
Descricion	<p>O Santuario de Amil érguese nun pequeno outeiro ao que se accede a través dunha grande escalinata de dobre rampla realizada en 1948 segundo o proxecto de Robustiano Fernández Cochón. Baixo a ampla escaleira se sitúa unha fonte dedicada á Virxe dos Milagres, mandada facer por un labrego, Sebastián Castro, en 1778.</p> <p>O templo, de cantaría, constrúese no século XIX segundo o proxecto do canteiro Manuel García Martínez. Como elemento diferenciador posúe planta octogonal. A fachada principal está presidida pola porta de acceso e unha fiestra, ambas enmarcadas nun pórtico entre dúas columnas. Este lenzo remátase cun frontón triangular, no que se sitúa o reloxo, e coróase cunha torre campanario de dobre corpo.</p> <p>O máis destacado deste santuario é a importante e coñecidísima romaría que se celebra no mes de setembro e a que acoden miles de fieis. As misas comezan desde as 6 da madrugada, e as dúas da tarde sae a procesión da Virxe dos Milagres. Resulta moi curioso a inmensa cantidade de doazóns que se fan, sendo típico ver fotos da Virxe cuberta cun manto feito de billetes, aínda que tamén se doan animais e outros materiais.</p>
Campás	4 campás.
Fotos	3
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TÚÑEZ TANOIRA; Pedro Daniel & TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	21-09-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Menor.	BLANCO RUCABADO, FRANCISCO ANTONIO	1806	48	64

Torre-campanario	Mediana (II).	BLANCO PAZ, ANTONIO	1845	49	68
Torre-campanario	Mediana (I).	OCAMPO, MELCHOR (ARCOS DA CONDESA)	1900	82	319
Torre-campanario	Maior.	OCAMPO, MELCHOR (ARCOS DA CONDESA)	1900	95	496

Información completa: [Santuario dos Milagros de Amil - MORAÑA \(GALICIA\)](#)

PDF (20-05-2026)